

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de prazas mediante o sistema de libre designación.*

De conformidade co establecido nos artigos 88 e 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 52 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e demais normativa de procedente aplicación, e no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada por Resolución do 14 de xaneiro de 2020,

#### DISPÓN:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo. Poderán concorrer a eles todos/as os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinala no anexo I.

Terceiro. As solicitudes, que irán dirixidas ao xerente da Universidade da Coruña, empregarán o modelo que consta como anexo II a esta convocatoria. A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (edificio da Reitoría, rúa da Maestranza, 9, 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira, A Coruña, e edificio de usos administrativos no Campus de Esteiro, Ferrol), ou nas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince (15) días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Coa solicitude acompañarase un currículo no que se especifiquen os méritos, que se acreditarán documentalmente.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998,

CVE-DOG: zgyvyfru9-yb36-s9s3-fu12-fyjpc9qqzhk5



do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro).

A Coruña, 15 de decembro de 2022

Ramón del Valle López  
Xerente da Universidade da Coruña

### ANEXO I

Núm. de posto	Denominación	Centro	Grupo	Complemento de destino	Complemento específico	Forma de provisión
42	Secretario/a	Xerencia	A2/C1	21	626,23	Libre designación
239	Secretario/a	Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente	A2/C1	21	626,23	Libre designación
333	Secretario/a	Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica	A2/C1	21	626,23	Libre designación

Requisitos: funcionarios/as de carreira dos grupos que se indican para o posto, con destino definitivo na Universidade da Coruña.



## ANEXO II

Apelidos		Nome		NIF
Data de nacemento	Corpo ou escala		Grupo	Núm. rexistro persoal
Enderezo		Localidade	Provincia	
Correo electrónico			Teléfono móbil	
Posto que solicita				
Destino actual				
Departamento		Organismo		Localidade

Solicito ser admitido/a ao concurso convocado por resolución da Universidade da Coruña, do 15 de decembro de 2022, para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto que máis arriba relaciono.

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

(Sinatura do solicitante)

Xerente da Universidade da Coruña

CVE-DOG: zgyvyfru9-yb36-s9s3-fu12-fyjpc9qqzkh5

